



BOP

LUNS, 16 DE MAIO DE 2022

N.º 111

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

CHANTADA

Anuncio

O Pleno do Concello de Chantada en sesión ordinaria celebrada o día 8 de abril de 2022, acordou a aprobación definitiva da modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT), a efectos de reclasificar unha praza de policía local segunda actividade .

Chantada, 11 de maio de 2022.- O ALCALDE, Manuel Lorenzo Varela Rodríguez.

R. 1203

GUNTÍN

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO: 1 PEÓN LIMPEZA

O Concello de Guntín por Resolución de Alcaldía de data 10.05.2022 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 10.05.2022 aprobou as bases para seleccionar 1 **PRAZA DE PEÓN LIMPEZA**.

- Modalidade de contratación: contrato temporal por circunstancias da produción.
- Duración: 4,5 meses
- Xornada: completa
- Salario: a retribución mensual bruta será de 1.166,67 € mes incluído o rateo das pagas extra.
- Funcións: propias de peón albaneis segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio no **BOP DE LUGO**

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 32 00 88.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.guntin.es
- oficinas xerais do Concello de Guntín.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín

Guntín, 10 de maio de 2022.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 1204

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Lugo, na sesión ordinaria celebrada o día vinteseite de abril de dous mil vinte, aprobou inicialmente o "Proyecto de obras ordinarias de urbanización y ensanche de vial existente emplazamiento: c/Otero Pedrayo-c/Río Sil. Lugo", promovido pola entidade mercantil Nistal Maroñas, S.A.

Conforme ao previsto nas disposicións vixentes, sométese a información pública polo prazo de **un mes**, durante o cal poderá ser examinado no Servizo de Urbanismo deste Concello (ronda da Muralla número 197), e presentarse as reclamacións ou suxestións que se desexen.

Firmado digitalmente al margen.

Lugo, 4 de maio de 2022.- La Alcaldesa P.D. El Teniente de Alcaldesa Delegado del Área de Gobierno de Sostenibilidad Urbana, por sustitución la Teniente de Alcaldesa Delegada del Área de Gobernanza: Economía y Recursos Humanos (Decreto 2973/2021, del 16 de abril de 2021), Mercedes Paula Albarellos Fondo.

R. 1205

AS NOGAIS

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 177.2, do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial deste Concello, adoptado en data 8 de abril do 2022, baixo a modalidade de crédito extraordinario, como segue a continuación:

Alta en aplicación de gastos:

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
011	912	Débeda pública. Amortización de préstamos a curto prazo de entes fóra do sector público	6.684,94
453	619	Estradas. Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	506,89
920	627	Administración xeral. Proxectos complexos	859,85
IMPORTE TOTAL			8.051,68

Esta modificación finánciase con cargo a novos ou maiores ingresos, nos seguintes termos:

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
420		Transferencias correntes da Administración Xeral do Estado. Participación en Tributos do Estado	8.051,68

As Nogais, 11 de maio de 2022.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1206

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 8 de abril de 2022, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 5/2022 na modalidade de transferencia de crédito entre distinta área de gasto que non afecta a baixas e altas de créditos de persoal, o que se publica aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. O citado acordo plenario queda elevado automaticamente a definitivo ao non presentarse reclamación algunha no prazo de exposición ao público como segue a continuación:

Altas en aplicación de gastos:

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
453	619	Estradas. Outros investimentos de reposición en infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	1.140,15

Baixas en aplicacións de gastos:

Aplicación orzamentaria		Descrición	Euros
920	227	Administración xeral. Traballos realizados por outras empresas e profesionais	1.140,15

As Nogais, 11 de maio de 2022.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R.1207

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, ao non presentarse alegacións durante o prazo de exposición ao público, quedou automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial da modificación relativa á plantilla de persoal, adoptado en data 8 de abril do 2022, como segue a continuación:

A) Funcionarios:

DENOMINACIÓN	Nº DE POSTOS	Grupo	CD	XORNADA	SITUACIÓN
Secretaría-Intervención	1	A1	26	100%	Ocupada. Nomeamento definitivo
Arquitecto/a Municipal	1	A1	22	37,33%	Vacante dotada orzamentariamente
Técnico de Administración Xeral	1	A2	18	100%	Vacante dotada orzamentariamente
POSTOS EN PROCESO DE ESTABILIZACIÓN:					
Subalterno	1	E	13	100%	Ocupada mediante funcionario interino

B) Persoal Laboral:

POSTO DE TRABAJO	Nº DE POSTOS	DENOMINACIÓN	XORNADA
POSTOS EN PROCESO DE ESTABILIZACIÓN			
Operario servizos múltiples	1	Servizos múltiples	100%
Traballador social	1	Servizos Sociais	100%
Operarios servizos municipais	1	Servizos múltiples	100%
Técnico medio. Axente Local de Emprego	1	Administración xeral	100%
Auxiliar de axuda no fogar	11	Servizos sociais	100%
OUTRO PERSOAL			
Persoal obras, incendios, etc.	Variable en función das axudas recibidas		

As Nogais, 11 de maio de 2022.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1208

A PASTORIZA

Anuncio

EXPEDIENTE: 300/2021 ALUGUER ANTIGAS VIVENDAS MESTRES

BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE ALUGUER DE SEIS VIVENDAS (ANTIGAS VIVENDAS DOS MESTRES)

I.- Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto a regulación do procedemento competitivo e de libre concorrncia para alugar seis vivendas municipais recentemente rehabilitadas, por un periodo máximo de cinco anos.

As vivendas arréndanse sen mobles, contando coa instalación de auga quente, sistema de calefacción mediante estufa de pellets, cociña equipada con mobiliario baixo e electrodomésticos básicos, vitrocerámica, forno, frigorífico, lavadeiro e lavadora.

A situación e características das vivendas ofertadas son as seguintes:

Crecente

As vivendas atópanse no local da antiga escola unitaria da parroquia de Crecente situada no lugar de O Abeal, parroquia de Crecente do concello da Pastoriza.

➤ Vivenda 1º esquerda

A vivenda atópase na planta alta da edificación e correspóndese cunha das dúas antigas vivendas destinada ós mestres da escola, concretamente no lateral esquerdo á que se accede polo portal esquerdo a través das escaleiras situadas no mesmo.

No devandito portal baixo o rellano atópase o trasteiro vinculado a esta vivenda.

Non conta con garaxe aparcadoiro.

Procedeuse recentemente á realización dunha rehabilitación integral interior mantendo a súa volumetría, acceso, fachadas e carpintería exterior, pero modificando a súa distribución orixinal interior así como solucións construtivas, acabados e instalacións.

DISTRIBUCIÓN

A vivenda, de planta rectangular, atópase distribuída en: recibidor, sala de estar, cociña, tendedeiro, baño e dous dormitorios. Todas as estancias contan con iluminación e ventilación exterior directa, estas son as superficies das distintas estancias:

<u>Superficies</u>	<u>Real (m²)</u>
Sala de estar	17,17
Cociña	5,91
Dormitorio principal	8,58
Dormitorio 1	8,58
Baño	3,40
Recibidor	3,10
Tendedeiro	3,07
SUPERFICIE ÚTIL VIVIENDA	49,81 m²
<u>ESCALEIRA</u>	<u>Real (m²)</u>
Rellano	1,63
Escaleira	7,49
Acceso	2,62
Trasteiro	3,69
SUPERFICIE ÚTIL ESCALEIRA	15,43 m²
TOTAL SUPERFICIE ÚTIL	65,24 m²

EQUIPAMENTO.

O equipamento de mobiliario interior da vivenda é o seguinte:

- 2,70m lineais de moble baixo de cociña.
- 2 armarios empotrados un en cada habitación de chan a teito e largo 1,50 con 2 portas corredoiras e armazón en taboleiro aglomerado rechapado en melamina branca con estantes, barra de colgar e 4 caixóns .

O equipamento de electrodomésticos en cocina é o seguinte:

- Forno eléctrico convencional.
- Placa vitrocerámica encimeira.
- Campá extractora.
- Lavadora.
- Frigorífico-conxelador.

O equipamento en aseos é o seguinte

- Mampara de ducha de 2 follas corredoiras en armazón de aluminio e vidro de seguridade.
- Accesorios de baño, toalleiros en lavabo e bidé, portarrollos e percha.

➤ Vivenda 1º dereita

A vivenda atópase na planta alta da edificación e correspóndese cunha das dúas antigas vivendas destinada ós mestres da escola, concretamente no lateral dereito á que se accede polo portal dereito a través das escaleiras situadas no mesmo.

No devandito portal baixo o rellano atópase o trasteiro vinculado a esta vivenda.

Non conta con garaxe aparcadoiro.

Procedeuse recentemente á realización dunha rehabilitación integral interior mantendo a súa volumetría, acceso, fachadas e carpintería exterior, pero modificando a súa distribución orixinal interior así como solucións construtivas, acabados e instalacións.

A vivenda, de planta rectangular, atópase distribuída en: recibidor, sala de estar, cociña, tendedeiro, baño e dous dormitorios. Todas as estancias contan con iluminación e ventilación exterior directa, estas son as superficies das distintas estancias:

Superficies	Real (m²)
Sala de estar	17,17
Cociña	5,91
Dormitorio principal	8,58
Dormitorio 1	8,58
Baño	3,40
Recibidor	3,10
Tendedeiro	3,07
SUPERFICIE ÚTIL VIVIENDA	49,81 m²
ESCALEIRA	
Superficies	Real (m²)
Rellano	1,63
Escaleira	7,49
Acceso	2,62
Trasteiro	3,69
SUPERFICIE ÚTIL ESCALEIRA	15,43 m²
TOTAL SUPERFICIE ÚTIL	65,24 m²

EQUIPAMENTO.

O equipamento de mobiliario interior da vivenda é o seguinte:

- 2,70m lineais de moble baixo de cociña.
- 2 armarios empotrados un en cada habitación de chan a teito e largo 1,50 con 2 portas corredoiras e armazón en taboleiro aglomerado rechapado en melamina branca con estantes, barra de colgar e 4 caixóns .

O equipamento de electrodomésticos en cocina é o seguinte:

- Forno eléctrico convencional.
- Placa vitrocerámica encimeira.
- Campá extractora.
- Lavadora.
- Frigorífico-conxelador.

O equipamento en aseos é o seguinte

- Mampara de ducha de 2 follas corredeiras en armazón de aluminio e vidro de seguridade.
- Accesorios de baño, toalleiros en lavabo e bidé, portarrollos e percha.

Álvare

As vivendas atópanse no local da antiga escola unitaria da parroquia de Álvare situada no lugar de A Olga, parroquia de Álvare do termo municipal do concello da Pastoriza.

➤ Vivenda 1º esquerda

A vivenda atópase na planta alta da edificación e correspóndese cunha das dúas antigas vivendas destinada ós mestres da escola, concretamente no lateral esquerdo á que se accede polo portal esquerdo a través das escaleiras situadas no mesmo.

No devandito portal baixo o rellano atópase o trasteiro vinculado a esta vivenda.

Non conta con garaxe aparcadoiro.

Procedeuse recentemente á realización dunha rehabilitación integral interior mantendo a súa volumetría, acceso, fachadas e carpintería exterior, pero modificando a súa distribución orixinal interior así como solucións construtivas, acabados e instalacións.

DISTRIBUCIÓN:

A vivenda, de planta rectangular, atópase distribuída en: recibidor, sala de estar, cociña, tendedeiro, baño e dous dormitorios. Todas as estancias contan con iluminación e ventilación exterior directa, estas son as superficies das distintas estancias:

Superficies	Real (m²)
Sala de estar	16,97
Cociña	7,05
Dormitorio principal	11,82
Dormitorio 1	9,53
Baño	4,83
Recibidor	2,93
Tendedeiro	3,03
SUPERFICIE ÚTIL VIVIENDA	56,16 m²

ESCALEIRA

Superficies	Real (m²)
Rellano	1,10
Escaleira	5,69
Acceso	5,43
Trasteiro	3,79
SUPERFICIE ÚTIL ESCALEIRA	16,01 m²
TOTAL SUPERFICIE ÚTIL	72,17 m²

EQUIPAMENTO.

O equipamento de mobiliario interior da vivenda é o seguinte:

- 2,70m lineais de moble baixo de cociña.

- 2 armarios empotrados un en cada habitación de chan a teito e largo 1,50 con 2 portas corredeiras e armazón en taboleiro aglomerado rechapado en melamina branca con estantes, barra de colgar e 4 caixóns .

O equipamento de electrodomésticos en cocina é o seguinte:

- Forno eléctrico convencional.
- Placa vitrocerámica encimeira.
- Campá extractora.
- Lavadora.
- Frigorífico-conxelador.

O equipamento en aseos é o seguinte

- Mampara de ducha de 2 follas corredeiras en armazón de aluminio e vidro de seguridade.
- Accesorios de baño, toalleiros en lavabo e bidé, portarrollos e percha.

➤ Vivenda 1º dereita

A vivenda atópase na planta alta da edificación e correspóndese cunha das dúas antigas vivendas destinada ós mestres da escola, concretamente no lateral dereito á que se accede polo portal dereito a través das escaleiras situadas no mesmo.

No devandito portal baixo o rellano atópase o trasteiro vinculado a esta vivenda.

Non conta con garaxe aparcadoiro.

Procedeuse recentemente á realización dunha rehabilitación integral interior mantendo a súa volumetría, acceso, fachadas e carpintería exterior, pero modificando a súa distribución orixinal interior así como solucións construtivas, acabados e instalacións.

DISTRIBUCIÓN:

A vivenda, de planta rectangular, atópase distribuída en: recibidor, sala de estar, cociña, tendedeiro, baño e dous dormitorios. Todas as estancias contan con iluminación e ventilación exterior directa, estas son as superficies das distintas estancias:

Superficies	Real (m²)
Sala de estar	16,97
Cociña	7,05
Dormitorio principal	11,82
Dormitorio 1	9,53
Baño	4,83
Recibidor	2,93
Tendedeiro	3,03
SUPERFICIE ÚTIL VIVIENDA	56,16 m²

ESCALEIRA

Superficies	Real (m²)
Rellano	1,10
Escaleira	5,69
Acceso	5,43
Trasteiro	3,79
SUPERFICIE ÚTIL ESCALEIRA	16,01 m²
TOTAL SUPERFICIE ÚTIL	72,17 m²

EQUIPAMENTO.

O equipamento de mobiliario interior da vivenda é o seguinte:

- 2,70m lineais de moble baixo de cociña.
- 2 armarios empotrados un en cada habitación de chan a teito e largo 1,50 con 2 portas corredeiras e armazón en taboleiro aglomerado rechapado en melamina branca con estantes, barra de colgar e 4 caixóns .

O equipamento de electrodomésticos en cocina é o seguinte:

- Forno eléctrico convencional.
- Placa vitrocerámica encimeira.
- Campá extractora.
- Lavadora.
- Frigorífico-conxelador.

O equipamento en aseos é o seguinte

- Mampara de ducha de 2 follas corredeiras en armazón de aluminio e vidro de seguridade.
- Accesorios de baño, toalleiros en lavabo e bidé, portarrollos e percha.

Bretoña

As vivendas atópanse no local da antiga escola unitaria da parroquia de Bretoña situada no lugar de Tr Ponte da Vila, parroquia de Bretoña do termo municipal do concello da Pastoriza.

➤ Vivenda 1º esquerda

A vivenda atópase na planta alta da edificación e correspóndese cunha das dúas antigas vivendas destinada ós mestres da escola, concretamente no lateral esquerdo á que se accede polo portal esquerdo a través das escaleiras situadas no mesmo.

No devandito portal baixo o rellano atópase o trasteiro vinculado a esta vivenda.

Non conta con garaxe aparcadoiro.

Procedeuse recentemente á realización dunha rehabilitación integral interior mantendo a súa volumetría, acceso, fachadas e carpintería exterior, pero modificando a súa distribución orixinal interior así como solucións construtivas, acabados e instalacións.

DISTRIBUCIÓN:

A vivenda, de planta rectangular, atópase distribuída en: recibidor, sala de estar, cociña, tendedeiro, baño e dous dormitorios. Todas as estancias contan con iluminación e ventilación exterior directa, estas son as superficies das distintas estancias:

Superficies	Real (m²)
Sala de estar	16,97
Cociña	7,05
Dormitorio principal	11,82
Dormitorio 1	9,53
Baño	4,83
Recibidor	2,93
Tendedeiro	3,03
SUPERFICIE ÚTIL VIVIENDA	56,16 m²

ESCALEIRA

Superficies	Real (m²)
Rellano	1,10
Escaleira	5,69
Acceso	5,43
Trasteiro	3,79
SUPERFICIE ÚTIL ESCALEIRA	16,01 m²
TOTAL SUPERFICIE ÚTIL	72,17 m²

EQUIPAMENTO.

O equipamento de mobiliario interior da vivenda é o seguinte:

- 2,70m lineais de moble baixo de cociña.

- 2 armarios empotrados un en cada habitación de chan a teito e largo 1,50 con 2 portas corredoiras e armazón en taboleiro aglomerado rechapado en melamina branca con estantes, barra de colgar e 4 caixóns .

O equipamento de electrodomésticos en cocina é o seguinte:

- Forno eléctrico convencional.
- Placa vitrocerámica encimeira.
- Campá extractora.
- Lavadora.
- Frigorífico-conxelador.

O equipamento en aseos é o seguinte

- Mampara de ducha de 2 follas corredoiras en armazón de aluminio e vidro de seguridade.
- Accesorios de baño, toalleiros en lavabo e bidé, portarrollos e percha.

➤ Vivenda 1º dereita

A vivenda atópase na planta alta da edificación e correspóndese cunha das dúas antigas vivendas destinada ós mestres da escola, concretamente no lateral dereito á que se accede polo portal dereito a través das escaleiras situadas no mesmo.

No devandito portal baixo o rellano atópase o trasteiro vinculado a esta vivenda.

Non conta con garaxe aparcadoiro.

Procedeuse recentemente á realización dunha rehabilitación integral interior mantendo a súa volumetría, acceso, fachadas e carpintería exterior, pero modificando a súa distribución orixinal interior así como solucións construtivas, acabados e instalacións.

DISTRIBUCIÓN:

A vivenda, de planta rectangular, atópase distribuída en: recibidor, sala de estar, cociña, tendedeiro, baño e dous dormitorios. Todas as estancias contan con iluminación e ventilación exterior directa, estas son as superficies das distintas estancias:

<u>Superficies</u>	<u>Real (m²)</u>
Sala de estar	16,97
Cociña	7,05
Dormitorio principal	11,82
Dormitorio 1	9,53
Baño	4,83
Recibidor	2,93
Tendedeiro	3,03
SUPERFICIE ÚTIL VIVIENDA	56,16 m²
<u>ESCALEIRA</u>	
<u>Superficies</u>	<u>Real (m²)</u>
Rellano	1,10
Escaleira	5,69
Acceso	5,43
Trasteiro	3,79
SUPERFICIE ÚTIL ESCALEIRA	16,01 m²
TOTAL SUPERFICIE ÚTIL	72,17 m²

EQUIPAMENTO.

O equipamento de mobiliario interior da vivenda é o seguinte:

- 2,70m lineais de moble baixo de cociña.

- 2 armarios empotrados un en cada habitación de chan a teito e largo 1,50 con 2 portas corredoiras e armazón en taboleiro aglomerado rechapado en melamina branca con estantes, barra de colgar e 4 caixóns .

O equipamento de electrodomésticos en cocina é o seguinte:

- Forno eléctrico convencional.
- Placa vitrocerámica encimeira.
- Campá extractora.
- Lavadora.
- Frigorífico-conxelador.

O equipamento en aseos é o seguinte

- Mampara de ducha de 2 follas corredoiras en armazón de aluminio e vidro de seguridade.
- Accesorios de baño, toalleiros en lavabo e bidé, portarrollos e percha.

II.- Solicitudes. Prazo de presentación.

Os interesados neste procedemento poderán presentar una solicitude en modelo normalizado (Anexo I a estas bases) xunto coa documentación á que se refire a base VI, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da presentes bases no Boletín Oficial da provincia de Lugo. Para estes efectos entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se este último é día inhábil, entenderase prorrogado ata o primeiro día hábil seguinte. Se no mes de vencemento non hai día equivalente, entenderase que o prazo remata o último día do mes.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación incondicionada das presentes bases reguladoras.

O non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude.

III.- Requisitos dos demandantes do aluguer.

Os requisitos para participar neste procedemento son os seguintes:

- a) O solicitante -ou a unidade de convivencia na que estea integrado- deberá acreditar uns ingresos entre 1 e 2,5 veces o IPREM para o ano 2022.
- b) Non ter a persoa solicitante nin ningún outro membro da unidade de convivencia unha vivenda en propiedade, a menos que non dispoña do seu uso e desfrute, nin do usufruto doutra vivenda en todo o territorio nacional, ou se trate dunha vivenda inadecuada ou insuficiente.
- c) Deberá quedar acreditado o grao de integración social. En concreto, non haberá antecedentes de ter incumplido reiteradamente as normas de convivencia. A estes efectos, poderán ser excluídas aquelas persoas ou unidades familiares que en virtude do informe emitido polos servizos sociais, conste que incumpriron reiteradamente as normas da comunidade.
- d) Deberán estar inscritos no Rexistro de Demandantes de Vivenda de Galicia.

IV.- Colectivos prioritarios e beneficiarios.

Para o acceso á vivenda en réxime de arrendamento terán preferencia os que acrediten residencia habitual no concello da Pastoriza e pertencen aos colectivos prioritarios relacionados a continuación, por orde decrecente:

IV.1. Relación de colectivos prioritarios por orde decrecente:

- a) Unidades familiares ou de convivencia afectadas por procedementos de execución hipotecaria, sen necesidade de que exista unha resolución xudicial de finalización do citado procedemento xudicial.
- b) Unidades familiares ou de convivencia afectadas por un procedemento xudicial de desafiuzamento por impago de rendas da súa vivenda habitual.
- c) Unidades familiares ou unidades de convivencia con fillos menores, así como familias numerosas e familias monoparentais con fillos a cargo.
- d) Unidades familiares ou de convivencia nos que existan mulleres vítimas de violencia de xénero, sempre que o documento acreditativo da situación de violencia fora adoptado ou emitido nos 12 meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude da vivenda.
- e) Unidades familiares ou de convivencia nos que existan persoas maiores de 65 anos, persoas con dependencia ou con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %.

f) Unidades familiares ou de convivencia nas que existan persoas que foran beneficiarias de axudas ao aluguer no marco de programas xestionados polo IGVS e que, unha vez vencido o período máximo de percepción das mesmas, permanezan nunha situación de desprotección ou especial vulnerabilidade.

g) Unidades familiares ou de convivencia con dificultades para asumir o custe do arrendamento dunha vivenda e que foran privadas da súa vivenda habitual por danos sufridos nesta, derivados dunha circunstancia imprevisible e sobrevida, tales como incendios, inundacións, etc.

h) Menores de 30 anos.

A pertenza a un destes grupos acreditarase documentalmete ou mediante informe dos servizos sociais do concello onde se atopa a vivenda, cando o solicitante estea empadroado no municipio da Pastoriza, ou dos servizos sociais do concello onde resida a unidade familiar ou de convivencia, cando o solicitante non estea empadroado na Pastoriza, ou calquera medio de proba válido en dereito que o acredite.

No caso de que non se presentasen solicitudes destes colectivos, terán preferencia os residentes habituais na Pastoriza que reúnan unicamente os requisitos establecidos na base III.

Non existindo solicitudes de ningún dos grupos anteriores, a adxudicación se realizará a favor de persoas pertencentes a algún dos colectivos prioritarios residentes en calquera lugar. E en defecto de solicitudes destes, realizarase a favor de calquera solicitante, calquera que sea a súa residencia, que reúna unicamente os requisitos establecidos na base III.

V.- Concepto e cómputo dos ingresos das unidades de convivencia

1) Para os efectos desta convocatoria, considérase unidade de convivencia o conxunto de persoas que habitan e gozan dunha vivenda de forma habitual e permanente e con vocación de estabilidade, con independencia da relación que exista entre todas elas. Unha unidade de convivencia pode estar composta por varias unidades familiares. A composición da unidade familiar será a que se estableza na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

2) Os ingresos dos membros da unidade de convivencia ás que se destine a vivenda, determinarase de conformidade coa normativa reguladora do IRPF. Para estes efectos, procederase como se indica no apartado seguinte.

3) Partirase da contía da **base impoñible xeral e de aforro**, reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do IRPF, correspondente á declaración ou declaracións presentadas por cada persoa da unidade de convivencia relativas ao **último período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da solicitude (é dicir, exercicio 2020)**. De non dispor da correspondente declaración por non estar obrigado a tributar por este concepto, deberase acreditar os ingresos mediante certificacións de imputación de ingresos do exercicio 2020, emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria (en adiante, AEAT) xunto cunha declaración responsable de ingresos do referido exercicio.

4) A contía resultante converterase en número de veces o IPREM en vigor no período a que se refiran os ingresos acreditados.

5) número de veces o IPREM resultante ponderarase en función dos seguintes coeficientes multiplicativos, segundo corresponda:

- Unidade familiar de un membro: 1,00.
- Unidade familiar de dous membros: 0,90.
- Unidade familiar de tres membros: 0,80.
- Unidade familiar de catro membros: 0,75.
- Unidade familiar de cinco ou máis membros: 0,70.

6. No suposto de que a unidade de convivencia estea composta por máis dunha unidade familiar das establecidas na normativa do IRPF, os ingresos de cada unidade familiar, convertidos en número de veces o IPREM e ponderados conforme o previsto nesta base, sumaranse, debendo ser o resultado inferior ao límite máximo previsto nestas bases reguladoras.

7. Se algún membro da unidade familiar é unha persoa con discapacidade, nos termos establecidos na normativa do IRPF, o coeficiente corrector aplicable será o do tramo seguinte ao que lle correspondese, conforme o previsto nos apartados anteriores.

8. Para o caso de que na unidade familiar houbera mulleres xestantes no momento da convocatoria, o/a fillo/a ou fillos/as concibidos/as e non nacidos/as contará como membros da unidade familiar, para os efectos da aplicación do coeficiente multiplicativo corrector previsto no apartado b), sempre que coa aplicación desta fórmula se obteña un maior beneficio. Igual tratamento terá a acreditación da adopción en trámite.

VI. Documentación xustificativa a achegar.

Xunto coa solicitude deberá acompañarse a seguinte documentación:

a) Documentación xeral:

- Acreditación dos ingresos correspondentes a cada un dos membros da unidade de convivencia: **declaración da renda** presentadas por cada persoa da unidade de convivencia relativas ao **último período impositivo con prazo de presentación vencido no momento da solicitude**. De non dispor da correspondente declaración por non estar obrigado a tributar por este concepto, deberanse acreditar os ingresos, referidos á mesma data, mediante certificacións de ingresos emitidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, ou mediante certificación da empresa para a que traballan, ou a resolución polas que se conceden axudas públicas. No caso de **persoas perceptoras de prestacións**: certificación ou informe sobre a contía da prestación percibida.

Todo iso sen prexuízo de que os servizos municipais poidan requirir a documentación que acredite os ingresos.

- **Declaración xurada de non ter**, a persoa solicitante nin ningún outro membro da unidade de convivencia, **unha vivenda en propiedade**, a menos que non dispoña do seu uso e disfrute, nin do usufruto doutra vivenda en todo o territorio nacional. O concello poderá solicitar un índice de titularidades rexistradas inmobiliarias da persoa solicitante, ou da súa unidade de convivencia, no caso de consideralo necesario.
- Fotocopia do DNI ou NIE de todas as persoas membros da unidade familiar ou de convivencia; no caso de fillos menores de idade que non teñan DNI, fotocopia do Libro de Familia; e no caso de estranxeiros NIE.
- Libro de familia: fotocopia de todas as follas do libro de familia na que figuren todas as persoas que compoñen a unidade familiar.
- Certificado de convivencia referido á data de presentación de solicitudes.
- Declaración responsable das persoas que compoñen a unidade familiar ou, no seu caso, unidade de convivencia.

b) Documentación específica para determinados colectivos:

b.1) **Mulleres vítimas de violencia de xénero**. Para a acreditación da dita situación deberá aportarse **algún** dos seguintes documentos:

-Certificación da orde de protección ou medida cautelar, testemuño ou copia autenticada da secretaría xudicial da propia orde de protección ou medida cautelar.

-Sentenza de calquera orde xurisdiccional, que declare dita situación.

-Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.

-Informe dos servizos de acollida.

-Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local.

-Calquera outro que se estableza legal ou regulamentariamente para a acreditación da dita situación.

b.2) **Título de familia numerosa**: fotocopia do título de familia numerosa, no seu caso.

b.3) **As familias monoparentais** con fillos: acreditación da citada condición, mediante certificado de convivencia e sentenza de separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas parteno/materno filiais e libro de familia e fe de estado civil.

b.4) **As persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecida**: certificación de dependencia ou discapacidade expedida polos correspondentes servizos da Consellería de Política Social.

b.5) No seu caso, documentación acreditativa da **perda do dereito ao uso da vivenda na que residiran con anterioridade** (sentenza ou resolución xudicial de desafiuzamento en calquera instancia xurisdiccional, etc), ou da **perda das condicións de habitabilidade da vivenda** (informe do técnico municipal).

b.6) Para o caso de unidades familiares ou de convivencia afectadas por **procedementos de execución hipotecaria**, deberán aportar acreditación da admisión a trámite da demanda de execución hipotecaria e certificado do letrado da Administración de Xustiza de que non finalizou o procedemento xudicial.

VII.- Valoración das solicitudes

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes por parte do Departamento de Servizos Sociais procederase á valoración dos criterios de adxudicación da vivendas co obxecto de determinar o listado preferencial de persoas beneficiarias. Examinadas as solicitudes presentadas, feitas as subsanacións correspondentes e as comprobacións de oficio procederase á aprobación da correspondente listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas e orde preferencial para seren beneficiarias das vivendas en aluguer. A listaxe provisional será publicada na sede electrónica do concello para que os interesados, se así o estiman convinte, no prazo de 10 días hábiles poidan interpoñer as reclamacións que estimen oportunas.

Transcorrido o prazo de reclamacións a Xunta de Goberno aprobará a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas coa orde preferencial.

O aluguer formalizarase coas persoas solicitantes que pertencen a unidades familiares ou de convivencia, relacionadas por orde decrecente na base IV, de tal xeito que se preferirá ao que está no primeiro suposto con respecto aos demais. No caso de non haber ninguén no suposto primeiro, preferirase o que estea no segundo, e así sucesivamente.

No suposto de que houbese varios solicitantes dentro do mesmo colectivo prioritario ou de non haber solicitantes en ningún dos colectivos prioritarios, o aluguer da vivenda realizarase a favor da persoa que reúna maior puntuación, segundo o seguinte baremo:

- Unidade familiar cun IPREM, ponderado conforme ao apartado V, inferior a 7.519,59 € (referido a 14 pagas): 10 puntos
- Unidade familiar cun IPREM, ponderado conforme ao apartado V, comprendido entre 7.519,59 € e 9.023,52 €: 8 puntos
- Unidade familiar cun IPREM, ponderado conforme ao apartado V, comprendido entre 9.023,52 € e 10.828,22 €: 6 puntos
- Unidade familiar cun IPREM, ponderado conforme ao apartado V, comprendido entre 10.828,22 € e 15.159,51 €: 4 puntos
- Unidade familiar cun IPREM, ponderado conforme ao apartado V, comprendido entre 15.159,51 € e 18.798,97 €: 3 puntos
- Unidade familiar cun IPREM, ponderado conforme ao apartado V, superior a 18.798,97 € : 0 puntos

En caso de empate, establecerase a seguinte preferencia:

- Unidades familiares con 5 ou máis membros: 10 puntos
- Unidades familiares con 4 membros: 6 puntos
- Unidades familiares con 3 membros: 4 puntos
- Unidades familiares con 2 membros: 2 puntos
- Unidades familiares con 1 membro: 1 punto

VIII.- Prezo do aluguer

O prezo do aluguer será o seguinte:

VIVENDA	PREZO ALUGUER
Crecente 1º Eda	150,00 €
Crecente 1º Dta	150,00 €
Bretoña 1º Eda	180,00 €
Bretoña 1º Dta	180,00 €
Álvare 1º Eda	160,00 €
Álvare 1º Dta	160,00 €

O prezo do aluguer será mensual. Os adxudicatarios deberán presentar fianza por importe de dúas mensualidades previamente á sinatura do contrato de aluguer. O obxecto desta fianza será cubrir a falta de pagamento de algunha mensualidade, así como posibles danos ou deterioros ás vivendas ou ó seu equipamento que se entrega xuntamente con elas..

IX.- Duración do aluguer

O aluguer terá unha duración de un ano prorrogable ata un máximo de cinco anos. Para a validez da prórroga as persoas arrendatarias deberán cumprir os requisitos esixidos como beneficiarias de vivendas sociais.

Unha vez rematado o prazo de cinco anos, procederase a abrir un novo procedemento de aluguer ata completar o prazo de 20 anos que esixe o Art. 19 apartado 7 Orde do 23 de decembro de 2019, pola que establecen as bases reguladoras aplicables á concesión das subvencións para rehabilitar as antigas vivendas de mestres, doutros oficios e demais edificios e vivendas de titularidade municipal, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020, con carácter plurianual.

X.- Réxime xurídico do aluguer da vivenda

A vivenda alugada non poderá cederse ou subarrendarse, rexéndose en todo o non regulado nestas bases polo establecido na Lei 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos Urbáns.

En todo caso, o aluguer da vivenda deberá constituir o domicilio habitual e permanente da persona seleccionada para o aluguer. En caso de que non teña este destino será causa da resolución do contrato.

XI. Protección de datos de carácter persoal.

Os participantes autorizan expresamente a tratar os datos de carácter persoal facilitados, sendo responsable dos mesmos o Concello da Pastoriza, coa finalidade administrativa derivada deste procedemento de aluguer de vivendas.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público e para a xestión do referido procedemento.

Os datos poderán ser comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de dálle publicidade ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados no BOP e no tabeleiro da sede electrónica do concello: concellodapastoriza.sedelectronica.gal

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentemento, ante o Alcalde do Concello da Pastoriza.


XII. Impugnación.

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpoñer polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recuso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recurrido no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

A Pastoriza, 11 de maio de 2022.- A Tenente de Alcalde, Elva Carrera González.

MODELO DE SOLICITUDE

 CONCELLO DA PASTORIZA PLAZA DE GALICIA N.º 1 27287 A PASTORIZA Telf.: 982 33 2 97 http://apastoriza.sedelectronica.gal	ANEXO I SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDUREMTO COMPETITIVO E DE LIBRE CONCORRENCIA PARA ALUGAR SEIS VIVENDAS MUNICIPAIS (ANTIGAS VIVENDAS DOS MESTRES).
--	---

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE					
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF/DOC		
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA	LUGAR	CP	PROVINCIA	CONCELLO	

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN					
Notifíquese a					
o Persoa solicitante					
o Persoa ou entidade representante					
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico facilitado de seguido: correo electrónico _____.					
Elección do medio de notificación preferente. As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos unha opción diferente.					
o Electrónica					
o Postal (cubrir o enderezo postal so si é distinto do indicado anteriormente)					
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA	LUGAR	CP	PROVINCIA	CONCELLO	

DECLARA que posúe todos os requisitos esixidos nas bases para optar ao aluguer dunha vivenda municipal e que

- SI** pertence a un dos colectivos prioritarios establecidos nas bases.
- NON** pertence a ningún dos colectivos prioritarios establecidos nas bases

SOLICITA participar no procedemento competitivo e de libre concorrncia para alugar seis vivendas municipais (antigas vivendas dos mestres), segundo as bases publicadas no BOP de Lugo nº _____, de data _____ e achega a documentación que se relaciona á marxe.

VIVENDA QUE SOLICITA:

- Bretoña 1º Esquerda Bretoña 1º Dereita
- Álvare 1º Esquerda Álvare 1º Dereita
- Crecente 1º Esquerda Crecente 1º Dereita

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

a) Documentación xeral:

- Declaración xurada de non ter, a persoa solicitante nin ningún outro membro da unidade de convivencia, unha vivenda en propiedade.
- Acreditación dos ingresos de cada un dos membros da unidade de convivencia mediante declaración da renda, certificacións de ingresos, certificación de empresa ou resolución.
- Fotocopia do DNI ou NIE de cada un dos membros da unidade de convivencia e copia do libro de familia para o caso dos menores sen DNI.
- Libro de familia (copia de todas as follas do libro onde figuren todas as persoas que compoñen a unidade familiar.
- Certificado de convivencia referido á data de presentación de solicitudes.
- Declaración responsable das persoas que compoñen a unidade familiar ou, no seu caso, unidade de convivencia (Anexo II).

b) Documentación específica para colectivos prioritarios:

b.1. Unidades familiares ou de convivencia nos que existan mulleres vítimas de violencia de xénero:

- Certificación da orde de protección ou medida cautelar, testemuño ou copia autenticada da secretaría xudicial da propia orde de protección ou medida cautelar.
- Sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare tal situación.
- Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
- Informe dos servizos de acollida.
- Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración Pública Autonómica ou Local
- Calquera outro documento que acredite a situación (indicar que documento se achega)_____

b.2. Familias numerosas:

- Fotocopia do título de familia numerosa.

b.3. Familias monoparentais con fillos a cargo:

- Sentencia de separación ou divorcio, convenio regulador ou resolución de medidas paterno/materno filiais.
- Fe de estado civil.

b.4. Unidades familiares ou de convivencia nos que existan, persoas con dependencia ou con discapacidade recoñecida igual ou superior ao 33 %.

Certificación de dependencia ou discapacidade expedida polos correspondentes servizos da Consellería de Política Social.

b.5. Unidades familiares ou de convivencia afectadas por un procedemento xudicial de desafuzamento ou perda de uso ou condicións de habitabilidade da vivenda:

Senteza ou resolución xudicial de desafuzamento en calquera instancia xurisdicional ou calquera outro documento acreditativo da perda do dereito ao uso á vivenda na que residían con anterioridade ou da perda das condicións de habitabilidade da vivenda, por exemplo, informe do técnico municipal.

b.6. Unidades familiares ou de convivencia afectadas por procedementos de execución hipotecaria:


Acreditación da admisión a trámite da demanda de execución hipotecaria.

Certificado do letrado da Administración de Xustiza de que non finalizou o procedemento xudicial

AUTORIZA ao Concello da Pastoriza ao tratamento dos seus datos de carácter persoal e para recabar a información adicional que considere necesaria para a adecuada estimación dos ingresos ou recursos económicos da unidade de convivencia.

A Pastoriza, de 2022

Asdo.:

 <p>CONCELLO DA PASTORIZA PLAZA DE GALICIA N.º 1 27287 A PASTORIZA Telf.: 982 33 2 97 http://apastoriza.sedelectronica.gal</p>	<p>ANEXO II</p> <p>DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS PERSOAS QUE COMPOÑEN A UNIDADE FAMILIAR OU, NO SEU CASO, UNIDADE DE CONVIVENCIA.</p> <p>PROCEDEMENTO COMPETITIVO E DE LIBRE CONCORRENCIA PARA ALUGAR SEIS VIVENDAS MUNICIPAIS (ANTIGAS VIVENDAS DOS MESTRES)</p>
---	--

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE NO PROCEDEMENTO					
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO		NIF/DOC	
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA	NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
PARROQUIA	LUGAR	CP	PROVINCIA	CONCELLO	
TELÉFONO	TELÉFONO MÓVIL	CORREO ELECTRÓNICO			

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que a miña unidade familiar ou unidade de convivencia está formada polas seguintes persoas:

NOME E APELIDOS	DNI	DATA DE NACEMENTO

Así mesmo DECLARO que:

- Non forman parte da miña unidade de convivencia outras unidades familiares distintas da relacionada anteriormente.
- Forman parte da miña unidade de convivencia, ademáis, a seguinte unidade familiar:

NOME E APELIDOS	DNI	DATA DE NACEMENTO

Para que conste, aos efectos de participar no procedemento competitivo e de libre concorrència para alugar unha vivenda municipal, asino a presente na Pastoriza a ----- de ----- de 2022.

R. 1209

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

CONTA XERAL DO EXERCICIO 2021

Na sesión celebrada pola Comisión Especial de Contas o día 5 de maio de 2022, informouse a Conta Xeral do exercicio 2.021, que se somete a información pública por un prazo de quince días contados a partir do día seguinte ao da publicación deste edito, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións, reparos ou observacións.

O que se fai público para xeral coñecemento de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Pedrafita do Cebreiro, 9 de maio de 2022.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 1210

RÁBADE

Anuncio

Por resolución da Alcaldía-presidencia do Concello de Rábade de data **9 de maio de 2022** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de **abril de 2022**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 9 de maio de 2022.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 1211

VIVEIRO

Anuncio

Por medio da presente procédese á publicación do texto íntegro da Ordenanza "Reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario dos servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiro, depuración de augas residuais e demais servizos e actividades complementarias prestados no Concello de Viveiro", aprobada a modificación inicialmente na data 14 de decembro de 2021, resultando aprobada definitivamente en data 3 de maio de 2022, entrando en vigor de acordo co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE CARÁCTER PÚBLICO NON TRIBUTARIO DOS SERVIZOS DE ABASTECIMENTO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE, SUMIDOIRO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E DEMAIS SERVIZOS E ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PRESTADOS NO CONCELLO DE VIVEIRO

ARTIGO 1.DISPOSICIÓN XERAL.

En uso das facultades concedidas polo artigo 31.3 da Constitución Española e da potestade regulamentaria que ten o Concello de Viveiro de conformidade cos artigos 4.1.a) e 84.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, a través desta Ordenanza Municipal regúlanse os prezos ou tarifas pola prestación dos servizos comprendidos no Ciclo Integral da Auga e outras actividades relacionadas cos mesmos, para o Concello de Viveiro, que se rexeran pola presente Ordenanza non Fiscal Reguladora da Prestación Patrimonial Pública non tributaria polo uso dos servizos de abastecemento de auga potable, sumidoiro e depuración de augas residuais e demais lexislación concordante.

As contraprestacións polo uso dos servizos reguladas na presente ordenanza, que denominaranse xenericamente "**tarifas**" teñen natureza de prestación patrimonial de carácter público non tributario de

conformidade co disposto no artigo 20.6 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aprobou o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais(TRLRHL), constituíndo ingreso propio do xestor de ditos servizos de conformidade co que dispón a Disposición Adicional Primeira da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en relación có artigo 289.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de febreiro de 2014.

É imprescindible para garantir o exposto establecer un marco xurídico de regulación dentro do termo municipal, sempre tendo en conta as directrices establecidas na normativa estatal aplicable, na propia da Comunidade Autónoma, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo das Administracións públicas e 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

ARTIGO 2.- OBXETO E ÁMBITO DE APLICACIÓN.

2.1 O obxecto da presente ordenanza é regular as tarifas dos servizos de abastecemento de auga potable, sumidoiro e depuración de augas residuais, así como outras actividades conexas e complementarias inherentes ao desenvolvemento dos mesmos.

2.2. A presente Ordenanza, así como as tarifas e os dereitos económicos obxecto de regulación nesta norma, serán aplicables ao Concello de Viveiro.

Naqueles casos nos que, de maneira permanente ou transitoria, non se preste a totalidade dos servizos comprendidos no punto 2.1 deste artigo, a presente Ordenanza rexerá só e exclusivamente naqueles termos que sexan de aplicación ao servizo que se estea prestando en concreto.

2.3. Tales servizos xestiónanse de forma indirecta mediante concesión, sendo a empresa concesionaria, a que lle corresponde a titularidade do ingreso, VIAQUA (en diante a concesionaria)

2.4. Constitúe o suposto esixible das tarifas a prestación dos servizos de abastecemento domiciliario de auga potable, sumidoiro e depuración de augas residuais, a través das redes municipais, con cantas actividades técnicas ou administrativas complementarias sexan necesarias a ditos servizos.

2.5. A prestación dos servizos, así como a realización das actividades e obras relacionadas co mesmo a que se refire o artigo 3 desta Ordenanza comportará una contraprestación económica, como tarifa, que percibirá a concesionaria, directamente dos aboados nos termos aprobados polo Concello de Viveiro no contrato de xestión indirecta adxudicado á mesma, e regulados nesta Ordenanza, en aplicación do principio de autofinanciamento do servizo.

Artigo 3.- SERVIZOS PRESTADOS.

3.1 Os servizos que se prestan concrétnanse na dispoñibilidade real ou potencial, ou uso efectivo ou posible, dos servizos e das actividades reguladas na presente Ordenanza, que a continuación se enumeran, e segundo as cotas establecidas no artigo 6:

Dispoñibilidade, mantemento e utilización do Subministro de auga potable a través da rede de abastecemento municipal. A tarifa a establecer poderá variar en función dos usos e destinos da auga.

Dispoñibilidade, mantemento e utilización do Servizo de evacuación de excretas, augas negras, e augas pluviais e residuais a través da rede de sumidoiro municipal. A tarifa a establecer poderá variar en función do orixe da auga e a súa carga contaminante.

Prestación dos servizos técnicos e administrativos complementarios referentes ás actuacións necesarias para realizar a contratación e prestación definitiva ou provisional do subministro de auga potable e/ou evacuacións de augas residuais e a súa depuración, así como o mantemento e conservación de elementos necesarios para a prestación dos servizos recollidos neste artigo 3.

3.2. As relacións entre a concesionaria e o usuario nacidas dos servizos virán reguladas polo contrato de subministro e polas disposicións desta Ordenanza, aplicándose no non previsto nas mesmas as normas técnicas que regulen os servizos.

Artigo 4.- CONCEPTO DE TARIFA.

As tarifas e outros dereitos económicos que debe percibir a concesionaria pola prestación dos servizos, teñen natureza de ingreso non tributario. Por este motivo queda expresamente excluída a aplicación da normativa tributaria con respecto á xestión, facturación, cobro e reclamación dos mencionados ingresos.

Artigo 5.- OBRIGADOS AO PAGO.

5.1. Están obrigadas ao pago das tarifas as persoas físicas e xurídicas e as entidades con ou sen personalidade xurídica propia, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúen unha comunidade económica ou un patrimonio separado susceptible de ser suxeito de dereitos e obrigacións que, sendo titulares do uso da finca abastecida, ostente a condición de aboados, é dicir, que sexa titular do contrato ou póliza de abono.

Son igualmente obrigados ao pago, en concepto de clientes, os peticionarios das acometidas, contratos e reconexións.

5.2. Sen prexuízo do disposto no apartado anterior, as persoas que ostenten esta condición de aboadas ou de peticionaria, obrigadas directas a satisfacer a contraprestación de que se trate, poderán repetir o aboado sobre os ocupantes ou usuarios das fincas beneficiarias dos servizos obxecto desta Ordenanza calquera que sexa o seu título: propietarios, usufrutuarios, concesionarios de bens e/ou servizos públicos, titular do dereito de habitación o arrendatario, incluso en precario, xa se trate de título individual ou colectivo. Neste suposto, a concesionaria é allea ás relacións establecidas entre os afectados, limitándose a prestar o servizo solicitado e percibir a contraprestación establecida polo mesmo na forma sinalada no parágrafo anterior, así como a adoptar as medidas que sobre o mesmo se establecen nesta norma e no Regulamento do Servizo.

5.3 Igualmente, están obrigados ao pago as persoas físicas ou xurídicas e as entidades:

-Cando se trate da concesión de acometida ás redes públicas de abastecemento de auga ou sumidoiro: o propietario, usufrutuario ou titular do dominio útil da finca.

-Cando se trate de prestación dos servizos de sumidoiro :os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarias do servizo de saneamento, calquera que sexa o seu título, propietarios, usufrutuarios, habitacionistas ou arrendatarios, incluso en precario.

-Cando se trate de prestacións de servizos de sumidoiro e depuración de augas residuais:os propietarios, arrendatarios, ou titulares de calquera dereito de uso de fincas que dispoñan de fontes propias de subministro de auga e que realicen vertidos ás redes de sumidoiro ou estean obrigados a conectar as mesmas.

5.4. En caso de separación de dominio directo e útil, a obriga de pago recae sobre o titular deste último.

Artigo 6.- COTAS

As cotas a satisfacer polo obrigado ao pago, serán as resultantes da aplicación das seguintes tarifas:

TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE

AUGA		TARIFAS EUROS
PARA USOS DOMÉSTICOS	Cota de servizo ou mantemento, ao mes	1,85
	Consumo ata 14 m3.(mínimo a facturar), ao trimestre	4,72
	Consumo dende 14 m3 ata 30 m3. cada metro cúbico	0,44
	Consumo dende 14 ata 75 m3., cada metro cúbico	0,47
	Consumo de mais de 75 m3, cada metro cúbico	0,54
PARA USOS INDUSTRIAIS	Cota de servizo o mantemento, ao mes	1,85
	Prezo dl m3 consumido	0,49
CONSERVACIÓN Y RENOVACIÓN DE CONTADORES	Contadores de 13 mm, 15 mm 20 mm, ao mes	0,51
	Contadores de 25 mm y 30 mm, ao mes	1,18
	Contadores de 40 o mais mm, ao mes	3,52

Mínimos trimestrais usos industriais	
a)hoteles, hospedaxes, pensións e sanatorios	49m3
b)cafés ,restaurantes, tabernas e almacens de viños	32m3
c)garaxes particulares, talleres, academias e colexios	27m3
d)tintorerías, panaderías, fábricas de xeo, gaseosas, cines, teatros e fábricas en xeral.	42m3
e)Construcións de obras, garaxe de servizo público e regos	49m3

A tarifa doméstica aplicarase nos usos non tipificados no parágrafo anterior.

TARIFAS DO SERVIZO DE SUMIDOIRO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS

A)Polo servizo da rede de sumidoiro:

"A tarifa a esixir pola prestación dos servizos da rede de sumidoiros, determinarase en función da cantidade da auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.

A tal efecto , aplicarásese o tipo de 21% sobre a facturación total da auga , impostos incluídos.Non se entenderá en ningún caso incluída en dita facturación , o importe correspondente a tarifa pola conservación de contadores, si existira”

B)Polo servizo de depuración de auga:

	Mín.trimestral	TARIFAS	
		CUOTA €/MES	€/m ³
DOMÉSTICO	14 m3	1,61	0,24
HOSPEDAXES, ASILOS E SANATORIOS	49 m3	2,69	0,32
HOSTELERÍA E ALMACENES ALCOHOLES	32 m3	2,69	0,32
GARAXES,TALLERES E INST E COLEXIOS	27 m3	2,69	0,32
FÁBRICAS, TINTORERÍAS, CINES Y TEATROS	42 m3	2,69	0,32
OBRAS, APARCAMENTOS E REGOS	49 m3	2,69	0,39
Sen auga da rede municipal	14 m3	1,61	0,24

Os consumos aplicables serán os rexistrados no contador, establecéndose uns consumos mínimos aplicables ás tarifas de sumidoiro e depuración , que serán os mesmos que os establecidos nas tarifas da auga.

Nos casos nos que exista unha manifesta diferenza entre o volume de auga de vertido e o liquidado no consumo de auga da rede municipal, ou ao mínimo establecido, aplicaranse as medidas correctoras necesarias para liquidar o volume real ou estimado vertido, aplicable aos casos nos que o usuario verte ao sumidoiro augas doutra procedencia distinta do servizo de abastecemento municipal.

Nas anteriores tarifas de auga, sumidoiro e depuración de augas residuais, non está incluído o IVE que, no seu caso, deba devengarse con arranxo á normativa fiscal en vigor.

OUTROS PREZOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL

Establécense as seguintes tarifas cuxos dereitos corresponden directamente ao Concello de Viveiro, polo que serán ingresadas directamente polo usuario na conta bancaria municipal, aplicables respectivamente para o entronque (acometida) e para o contrato (exclúense os cambios de titularidade).

-Entronque á rede de abastecemento (por acometida)	157,49€
-Contratos de subministro (salvo cambio de titularidade) (mais os selos municipais)	30,64€
-Entronque á rede de saneamento (por acometida)	15,88€

Artigo 7.- MODIFICACIÓN DE TARIFAS

O establecemento ou modificación de tarifas corresponderá ao Pleno da Corporación.

Non obstante ao anterior, a proposta de fixación de tales tarifas corresponderá á entidade concesionaria dos servizos, que deberá presentala coa suficiente antelación e co contido que corresponda.

Artigo 8.-DEVENGO.

8.1 A prestación patrimonial de carácter público non tributario e as tarifas integradas nesta ordenanza se devengarán, nacente a obriga de pago das mesmas do xeito que segue:

- Para o concepto de dereito de acometida: Cando se outorgue a autorización correspondente.
- Para os demais conceptos: Cando se inicie a prestación do servizo, devengándose logo da dita prestación de forma periódica o día 1 de xaneiro de cada ano. Cando se inicie a prestación de servizo, poderá esixirse, no seu caso, o depósito previo do seu importe total ou parcial ao solicitar dita prestación. Entendese iniciada esta, no momento que se produza a alta no servizo.
- A obriga de contribuir pola conservación e renovación de contadores nace dende o momento da súa solicitude polo usuario , tendo en todo caso carácter voluntario.
- Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras e residuais teñen carácter obrigatorio para todas as fincas dos municipios que teñan fachada a ruas, prazas ou vías públicas en que existan alcantarillado , sempre que a distancia entre a rede e a finca non exceda de cincuenta metros , sendo obrigatorio o pago das tarifas aínda cando non se proceda a efectuar acometida á rede.

8.2. O período de imposición e pago será o do ano natural ou o específico que establece esta Ordenanza na disposición final terceira, salvo nos casos de altas no servizo nos que o período de pago abarcará dende a data de alta ata o 31 de decembro de dito ano ou finalización do período impositivo específico, e nos supostos de baixas, no que comprenderá dende o 1 de xaneiro ata o día da presentación da baixa.

8.3. En todo caso, o devengo se producirá con independencia de que se obtivera ou non as autorizacións pertinentes, ou se subscribiran os contratos preceptivos, e sen prexuízo da iniciación dos expedientes administrativos que se deban instruír para a súa autorización e esixencia das responsabilidades que procedan.

8.4. Nos supostos de alta, baixa e cambio de titularidade, a tarifa ratearase por días naturais.

Artigo 9.- PERIODICIDADE DE FACTURACIÓN E PRAZOS DE PAGO.

9.1. A facturación terá unha periodicidade trimestral, realizarase a través da empresa concesionaria nun recibo, no seu caso conxunto con outras tarifas, taxas, tributos ou prezos públicos de titularidade de terceiros, tales como a taxa de lixo, canóns autonómicos etc.. Poderase emitir facturas con periodicidade mensual, só para os grandes consumidores e sempre con carácter de voluntariedade.

9.2. A facturación practicada en virtude desta ordenanza serán obxecto de aprobación por resolución de alcaldía.

As facturas remitiranse pola concesionaria ao domicilio do subministro salvo que o aboado ou obrigado ao pago designase por escrito e con suficiente antelación un domicilio distinto, ou salvo que a petición do obrigado ao pago, ou por imposición legal, proceda facturación electrónica, en cuio caso, as facturas remitiranse por correo electrónico na conta indicada polo aboado ou obrigado ao pago ou notificaranse como dispoña a lexislación aplicable, ou estarán dispoñibles na páxina web da concesionaria.

9.3. No suposto de licenza de acometida ou outras actividades ou servizos non periódicos, o aboado ou usuario virá obrigado a presentar ante a concesionaria a correspondente declaración ou solicitude, segundo modelo determinado por esta, que conterá os elementos imprescindibles para a facturación procedente. Neste caso, e demais supostos amparados polo artigo 3.1.d), a factura se expedirá contra a solicitude do servizo ou cando a concesionaria houbera realizado a actividade que da lugar á obriga de pago se a mesma debe realizarse de oficio e non a solicitude do aboado ou usuario.

9.4. Os importes facturados deberán satisfacerse no prazo de dous meses dende a aprobación da facturación. O retraso determinará a aplicación do tipo de xuro legal do diñeiro, aplicable dende o día seguinte a finalización do período voluntario.

9.5. O pago das débedas poderá realizarse na forma seguinte:

a) Para os obrigados ao pago que domiciliaran o pago das mesmas, mediante cargo bancario na conta da entidade bancaria que sinalaran ao efecto.

b) Para os obrigados ao pago que non domiciliaran o pago das mesmas ou que tendo feito, por calquera causa non tivera satisfeita a débeda, nas oficinas colaboradoras, ou ben a través da Oficina Virtual aloxada no sito web www.viaqua.gal.

9.6. As facturas non satisfeitas no período voluntario reclamaranse por correo certificado con acuse de recibo ou calquera outro medio que permita ter constancia de forma fidedigna da recepción. Transcorridos 6 meses dende a finalización do período voluntario a cantidade a pagar verase incrementada polo xuro por mora. No suposto de rechazo da notificación ou por deficiencias da dirección facilitada polo obrigado ao pago, se especificarán as circunstancias do intento da notificación e terase por efectuado o trámite, quedando expedita a súa reclamación pola vía xudicial ou o inicio do procedemento de corte de subministro, previa consulta cos servizos sociais Municipais, para evitar o corte de subministro a familias que poidan estar en situación de vulnerabilidade económica.

9.7. No caso no que por erro a concesionaria facturara cantidades inferiores as debidas poderá acordar co usuario o prazo de pago.

Artigo 10.- FACULTADE DE INSPECCIÓN.

10.1. Os inspectores autorizados estarán facultados, aos efectos desta Ordenanza e do Regulamento do servizo, para visitar e inspeccionar fincas e locais nos que se utilicen as instalacións correspondentes para conectarse ás redes municipais de abastecemento e saneamento, realizar toma de mostras, etc., observando si existe algunha irregularidade.

Terán a consideración de consumos clandestinos os que no preceptivo contrato ou póliza de aboado ou, no seu caso sen a correspondente autorización da concesionaria, e conseqüente pago das tarifas correspondentes, leven a cabo as utilidades ou aproveitamento dos servizos establecidos no artigo 3 da presente ordenanza.

Os actos clandestinos ou calquera outros aos que correspondese tal cualificación, darán lugar á inmediata suspensión do subministro e prestación dos servizos, sen prexuízo das accións legais que poidan corresponder.

Con independencia do anterior, o usuario clandestino verase obrigado a aboar o importe do servizo disposto e non pagado, do que se houbera beneficiado polos servizos que corresponderá, conforme á liquidación que se

practique pola concesionaria, ademais dos gastos inherentes á inspección e reposición dos elementos alterados ou danados.

DISPOSICIÓN FINAL.

1.- A presente Ordenanza rexerá unha vez efectuada a publicación da súa aprobación definitiva, de acordo co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local.

2.-As referencias existentes na documentación contractual á Ordenanza Fiscal reguladora das taxas por subministro de auga potable e servizos de complementarios entenderáse realizadas á presente Ordenanza non tributaria, trala súa entrada en vigor.

3.- Excepcionalmente e para o suposto de que a presente ordenanza ou a súa posible modificación, pola data de tramitación, entre en vigor con posterioridade ao día 1 de xaneiro do ano de aplicación, o momento do devengo retrasase e coincidirá co día primeiro do trimestre natural seguinte.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA.

Á entrada en vigor da presente Ordenanza non tributaria, quedará derogada a Ordenanza Fiscal reguladora das taxas por subministro de auga potable e servizos complementarios, que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o día 26 de febreiro de 2016, así como a Ordenanza fiscal reguladora da taxa de sumidoiro e depuración de augas residuais.

Viveiro, 11 de maio de 2022.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 1212

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO NIÑO-SIL, O.A.

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Expediente: **A/27/30204**

Asunto: Solicitud de concesión de aproveitamento de augas

Peticionario: Pranchel S.C.

Nombre del río o corrente: 2 pozos

Caudal solicitado: 0,138 l/s

Punto de emplazamiento: A Abelleira, parroquia de Furís (Santo Estevo)

Término Municipal y Provincia: Castroverde (Lugo)

Destino: Usos ganaderos

BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en dos pozos de 2 m de profundidade y 2 m de diámetro realizados mediante aros de hormigón prefabricados. Desde aquí las augas se conducen a través de tubería hasta la nave a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Castroverde, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

A este respecto, y mientras existan limitaciones de acceso como consecuencia de los riesgos sanitarios derivados del riesgo de contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y tener en cuenta las MEDIDAS DE SEGURIDAD que se establezcan.

Lugo, 4 de mayo de 2022.- EL COMISARIO ADJUNTO, Alberto de Anta Montero.

R. 1213

*Anuncio***INFORMACIÓN PÚBLICA**

Expediente: **A/27/36917**

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: CMVMC de Soaxe

Nombre del río o corriente: arroyo afluente del arroyo Porto Petelos

Caudal solicitado: 200 m³

Punto de emplazamiento: Campelas, en la parroquia de Soaxe (Santa María)

Término Municipal y Provincia: Villalba (Lugo)

Destino: Extinción de incendios

BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:

La captación se realiza en un arroyo, mediante una tubería que conduce las aguas a una arqueta desde la que se conducen las hasta el depósito de extinción de incendios de 200 m³ de capacidad.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Villalba, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta - 27001 - LUGO).

A este respecto, y mientras existan limitaciones de acceso como consecuencia de los riesgos sanitarios derivados del riesgo de contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y tener en cuenta las MEDIDAS DE SEGURIDAD que se establezcan.

Lugo, de mayo de 2022.- EL JEFE DEL SERVICIO, Alberto de Anta Montero.

R. 1214